

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE BANDE PARA EQUIPAMENTO DEPORTIVO**

Santiago de Compostela, 2021

**REUNIDOS**

Don José Ramón Lete Lasa, secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Dona Sandra Quintas Vázquez, alcaldesa do Concello de Bande, ao abeiro do disposto no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio así como para exercer as súas competencias en materia de deporte baixo os principios de cooperación, colaboración, coordinación e información multilateral establecidos na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Actuando todos eles coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

**EXPOÑEN**

- I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.
- II.- O artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.
- III.- O Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de deportes e, en particular, a promoción e execución de infraestruturas de titularidade municipal mediante convenios de colaboración coas administracións locais.
- IV.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón no artigo 25.2.l) que os concellos exercerán en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do



Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias as de promoción do deporte e instalacións deportivas.

No marco da lexislación básica do Estado, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que os concellos exercerán entre outras competencias as relativas a actividades e instalacións culturais e deportivas (artigo 80.2.n) e poderán celebrar coa Xunta de Galicia convenios de cooperación para unha xestión máis eficaz das súas competencias (artigo 198).

**V.-** Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan as instalacións deportivas de uso público.

**VI.-** Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscripción de convenios.

Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

Neste caso, o obxectivo común é conseguir ou recuperar un óptimo nivel de funcionamento das infraestruturas deportivas de uso público localizadas nas entidades locais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, apoiando aquelas actuacións cuxa finalidade sexa a creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos vinculados á prestación de servizos públicos, incluídos os relacionados coa promoción do deporte e instalacións deportivas.

As administracións públicas asinantes deste convenio son conscientes de que o incremento e mellora das condicións que esixe a práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas localizadas nos concellos, de forma que permitan dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.

**VII.-** A Secretaría Xeral para o Deporte, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de mellora das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma de Galicia, actuacións que permitan a mellora de instalacións deportivas básicas ou daquelas que presenten un maior interese deportivo. Neste sentido é de interese da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a colaboración coas administracións locais para o fomento do deporte no ámbito municipal.

Por outra banda as actuacións que se pretenden desenvolver teñen como finalidade a mellora dunha infraestrutura deportiva de uso público, que é un dos servizos básicos relacionados no artigo 26 da Lei 2/1985, do 7 de abril, reguladora das bases de réxime local.



**VIII.-**O Concello de Bande conta cunha zona deportiva na que se sitúa o campo de fútbol, zona de gran utilización por parte da veciñanza.

A dotación ou equipamento a adquirir son diferentes instrumentos relacionados coa práctica deportiva no campo de fútbol

A tal fin o técnico Salvador Añel Prada, elaborou unha memoria valorada para a adquisición de equipamento deportivo, cun orzamento de 4.394,95 euros.

A Secretaría Xeral para o Deporte participa neste proxecto co obxectivo de potenciar o deporte base sendo consciente da importancia da súa colaboración económica cos concellos para afrontar obras que beneficien ao conxunto dos cidadáns para a práctica deportiva.

A Xunta de Galicia presta así un apoio especialmente necesario neste caso, considerando as particulares circunstancias do Concello de Bande, que veñen incidir nun contexto orzamentario restritivo e necesariamente estable do que deriva, entre outras consecuencias, as dificultades para afrontar en solitario os compromisos económicos que o obxecto deste proxecto representa para a facenda municipal, que precisa da mellora da infraestrutura deportiva e da súa eficiencia para a adecuada prestación dos servizos municipais.

Destas circunstancias derívanse as razóns que acreditan o interese público da actuación, e xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, de acordo co disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo tamén ao establecido no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Por todo o anterior, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Bande, deciden subscribir este convenio que se suxeitará ás seguintes,

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO**

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Bande para adquisición de equipamento deportivo, segundo a memoria valorada presentada polo enxeñeiro, Salvador Añel Prada.

### **SEGUNDA: INVESTIMENTO PROGRAMADO E COFINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS**

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de catro mil trescentos noventa e catro euros con noventa e cinco céntimos (4.394,95 €), IVE incluído.



➤ A Secretaría Xeral para o Deporte, achegará a cantidade que se indica con cargo a aplicación orzamentaria 04.40.441A.760.0 código de proxecto 2013 00039 do seu orzamento de gasto para o exercicio 2021 .

Anualidade 2021.....	4.394,95 €
----------------------	------------



### TERCEIRA: COMPROMISOS DAS PARTES

#### 3.1.- Obrigas do Concello de Bande

1.- A dotación ou equipamento serán subministrados polo contratista que sexa seleccionado polo Concello, dando conta á Secretaría Xeral para o Deporte da elección, así como de calquera modificación, prórrogas de prazos establecidos na adxudicación ou alteracións de calquera outros elementos básicos que configuren a mesma.

En tódolos casos de contratación con terceiros, o Concello actuará con suxeición, tanto na tramitación do procedemento de contratación, como na execución do contrato administrativo, ao establecido na Lei 9/2017 de contratos do sector público, atendendo tamén ao preceptuado no artigo 12 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

2.- De acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno o Concello ten a obriga de subministrar á Secretaria Xeral para o Deporte toda a información que se lle requira en materia de transparencia. No caso de que este requirimento non sexa atendido no prazo que se estableza, procederá unha multa de 200,00 € mensuais ata o cumprimento do mesmo..

3.- Son obrigas do beneficiario as sinaladas nos artigos 14 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 11 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sinaladamente as seguintes:

a) O Concello de Bande quedará obrigado a asumir ao seu cargo os aumentos que se produzan, no caso de que o custo do equipamento resulte superior á valoración prevista no orzamento, ou ben se deriven de revisión dos prezos adicionais, prórrogas e outros supostos.

b) Redactar e remitir a documentación técnica e as súas especificacións, que deberán contar coa autorización e aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte antes da firma do presente convenio.

c) Os gastos derivados, contratación de servizos e subministracións, así como os impostos e taxas de aplicación aos pagos dos conceptos incluídos e previstos na memoria valorada, serán por conta do Concello.

d) O Concello, quedará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**e)** Deberá destinar os bens adquiridos ao fin concreto para o que se lle concedeu a subvención. En particular no ámbito da programación deportiva desta instalación o Concello facilitará o uso gratuito da instalación para todas aquelas competicións deportivas oficiais organizadas ou promovidas pola Secretaría Xeral para o Deporte, previa sinatura dun convenio de colaboración entre ambas institucións que regule os aspectos específicos destas actuacións. Así mesmo, comprométese a favorecer e facilitar a celebración de competicións deportivas de carácter oficial promovidas palas distintas federacións deportivas de Galicia. No caso de conflito ou discrepancia, a Secretaría Xeral para o Deporte, por solicitude dalgunha das partes, poderá actuar como árbitro.

O incumprimento da obriga de destino referida no parágrafo anterior será causa de reintegro nos termos establecidos ao efecto no artigo 37 da Lei 38/2007, do 7 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido nos termos legalmente previstos.

**f)** No caso de que o beneficiario incumprise o establecido neste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte, poderá revogar a subvención concedida logo da audiencia do interesado.

**g)** Así mesmo e de acordo co establecido nos artigos 33 da Lei 9/2007 e 74 do Decreto 11/2009 o Concello deberá cumprir todos os compromisos establecidos no presente convenio, e en particular o disposto neste apartado 3.1 en canto á realización, pagamento e xustificación da adquisición de bens, de acordo co establecido na documentación técnica, así como as deficiencias nas xustificacións documentais das mesmas darán lugar ao reintegro da parte proporcional do custe do incumprimento.

**4.-** De ser preciso, será responsabilidade do concello a elaboración da documentación necesaria para dar cumprimento á normativa de seguridade e saúde, especialmente ao establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE núm. 269 do 10.11.1995) e no Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (BOE núm. 256 do 25.10.1997). Prestarase especial atención no caso de que a actuación comprenda algún dos traballos que implican riscos especiais para a seguridade e a saúde dos traballadores, recollidos no anexo II do Real Decreto 1627/1997.

Co obxecto de facilitar a tramitación das distintas fases do convenio o concello autoriza expresamente á Secretaría Xeral para o Deporte, de conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, á obtención dos certificados da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social de estar ao día das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social así como a obtención do certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia de estar ao día das obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma de conformidade co artigo 4 do Decreto

255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve.



### 3.2.- Obrigas da Secretaría Xeral para o Deporte

A Secretaría Xeral para o Deporte obrígase ao pagamento da achega indicada na cláusula segunda por importe de catro mil trescentos noventa e catro euros con noventa e cinco céntimos (4.394,95 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.760.0 (código de proxecto 2013 00039).

#### CUARTA: BAIXAS DE ADXUDICACIÓN E INCIDENCIAS

As achegas económicas da Secretaría Xeral para o Deporte verase diminuída en igual proporción que a que resulte de imputar as baixas que se obteñan nas respectivas adxudicacións. As baixas aplicaranse dende o primeiro momento, axustando a cantidade resultante a subvencionar.

Así mesmo a citada achega non experimentará incremento no caso de producirse incidencias ou aprobarse modificacións durante a execución do contrato asinado polo concello coa empresa adxudicataria que supoñan aumento do seu custo.

#### QUINTA: XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

De acordo co artigo 28.5 da Lei 9/2007 e co artigo 8 do Decreto 193/2011, o concello estará obrigado a xustificar o cumprimento da finalidade da subvención e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona no artigo 10 do Decreto 193/2011 e que incorporará, en todo caso, a toma de razón en contabilidade mediante certificación da intervención ou do órgano de teña atribuídas as facultades de control co visto bo do/a alcalde/sa, así como do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

Na xustificación deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios, así como doutras subvencións ou recursos á actuación subvencionada.

**O prazo para presentar a xustificación** do convenio será **antes do 30 de novembro de 2021** e os pagos farase nun único aboamento, á entrega dos bens ou equipamentos a subministrar.

En todo caso o pago efectuarase unha vez examinada e conformada a xustificación presentada polo concello.

Tal e como o establece o artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, considerase que o concello ten o gasto realizado cando teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. A entidade local está obrigada a acreditar documentalmete a efectividade dos pagos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data de ingreso na conta bancaria do concello.

#### SEXTA: CONCORRENCIA CON OUTRAS AXUDAS

As axudas contempladas neste convenio son compatibles con outras que poida acadar o concello, sempre que a suma de todas elas non supere o investimento total real.



No momento da xustificación o concello presentará unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como das pendentes da resolución, para o mesmo obxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

#### **SÉTIMA: PUBLICIDADE DA INSTALACIÓN OU DO EQUIPAMENTO**

O Concello fixará un cartel informativo sobre a natureza da instalación ou equipamento, no exterior da instalación ou do recinto no que se pretenda localizar, coa indicación expresa das administracións públicas que colaboran no seu financiamento.

O tratamento tipográfico identificador das entidades participantes e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.

#### **OITAVA: REXISTROS PÚBLICOS DE AXUDAS**

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, o concello consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á subvención obxecto deste convenio nos rexistros públicos citados, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Así mesmo consinte na publicación do convenio que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido as obrigas específicas de información sobre convenios.

#### **NOVENA: COMPROBACIÓN E RECEPCIÓN DO EQUIPAMENTO**

A Secretaría Xeral para o Deporte, efectuará cantas comprobacións estime oportunas, con carácter previo á realización da proposta do pagamento, incluíndo a comprobación da execución material do investimento que poderá realizar a través dun funcionario da Secretaría Xeral para o Deporte ou da persoa que designe.

A recepción do subministro farase polo Concello de Bande, quen dará conta dela á Secretaría Xeral para o Deporte mediante a achega da Acta que se consignará ao efecto.

#### **DÉCIMA: XESTIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS**

A xestión, mantemento e conservación do equipamento, que terá como destino un uso ou servizo público de carácter deportivo, será responsabilidade exclusiva do concello, e serán de conta deste a totalidade dos gastos que xere. A asunción de tal responsabilidade producirase

desde o día seguinte ao de realización da acta de recepción do subministro, logo da oportuna comunicación da Secretaría Xeral para o Deporte.

Esta circunstancia non obviará a responsabilidade que á sociedade adjudicataria lle corresponda na policía e conservación do equipamento ata a recepción definitiva pola administración contratante.

O concello garante o uso grauíto da instalación cando se precise para posibilitar a celebración de competicións deportivas oficiais organizadas ou promovidas pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Así mesmo, comprométese a favorecer e facilitar a celebración de competicións deportivas de carácter oficial promovidas polas distintas federacións deportivas de Galicia. No caso de conflito ou discrepancia, a administración contratante da instalación, por solicitude dalgunha das partes, poderá actuar como árbitro.

No suposto de que a xestión sexa encomendada a terceiros as obrigas anteriores deberán constar como carga no correspondente prego de bases.

#### **UNDÉCIMA: VIXENCIA E DENUNCIA DO CONVENIO**

O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura e estenderase ata o 31 de decembro do ano 2021, sen prexuízo da posibilidade de prorrogar dito período, en virtude de causa debidamente xustificada, e sempre e cando se solicite cunha antelación mínima dun mes á data de finalización do prazo de xustificación.

As restantes obrigas manterán a súa vixencia ata o total cumprimento das previsións establecidas, de modo que se acaden os fins perseguidos por este convenio.

A denuncia, que requirirá o acordo previo do órgano competente da administración que a pretenda, producirá efectos aos noventa (90) días da súa presentación diante da comisión á que se refire a cláusula décimo terceira, logo da liquidación das obrigas pendentes de cumprir pola parte que a formule.

O incumprimento das cláusulas deste convenio será causa bastante para a súa denuncia.

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se teña acordado a prórroga do mesmo.
- 2.-O acordo unánime de todos os asinantes.
- 3.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes. Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- 4.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



5.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

#### **DUODÉCIMA: Modificación do convenio**

As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

1.-Por acordo unánime dos asinantes.

En todo caso, a solicitude de modificación do prazo para presentar a xustificación do convenio, por parte do concello, deberá realizarse cunha antelación mínima dun mes á data de finalización do mesmo.

2.-De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

De acordo co artigo 7 do Decreto 193/2001, do 6 de outubro, no caso de que o Concello queira modificar as características do equipamento obxecto do convenio deberá solicitalo cunha antelación mínima dun mes á data de finalización do prazo de xustificación. Xunto coa solicitude o Concello deberá presentar a documentación a que fai referencia o apartado 4 deste artigo.

Esta modificación respectará en todo caso o obxecto da subvención, evitando actuacións deficientes e incompletas.

#### **DÉCIMO TERCEIRA: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E INTERPRETACIÓN**

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

Na comisión de seguimento e control informarase sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución do proxecto para a súa aprobación, conforme as limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación. Cando estas impliquen modificación do orzamento, a Secretaría Xeral para o Deporte non asumirá compromisos económicos que impliquen incrementar a contía das anualidades establecidas na cláusula segunda.

En calquera caso, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas polo secretario xeral para o Deporte.

#### **DÉCIMO CUARTA: LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN, NATUREZA DO CONVENIO E XURISDICIÓN COMPETENTE**

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que



desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa que sexa de aplicación.

Este convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Baixo os termos referidos e en proba de conformidade, asínase este convenio de cooperación no lugar e data indicados.

O Secretario Xeral para o Deporte  
José Ramón Lete Lasa

A alcaldesa do Concello de Bande  
Sandra Quintas Vázquez

